



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E O CONCELLO DE VEDRA
PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A VEDRA.

Boqueixón, 3 de decembro de 2018.

REUNIDOS

Dunha banda, Manuel Fernández Munín, alcalde do concello de Boqueixón, en representación do mesmo conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

E doutra banda, Carlos Martínez Carrillo, alcalde do concello de Vedra, actuando en nome e representación do concello de Vedra.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para subscribir convenios en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente par formalizar o presente convenio .

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Concello de Boqueixón xestiona directamente o servizo de abastecemento de auga potable da estación de tratamento no lugar de Orto.

SEGUNDO.- Tal como consta no informe técnico do servizo municipal de auga(R.E nº 2136), resulta que:

A estación de tratamento de auga potable de Orto (Boqueixón) ten unha capacidade de produción de auga potable de 30 L/s, o cal se traduce en 2.592 m3/día.

Tomando unha dotación media de 220 L/hab.día (0,220 m3/hab.día), a planta de tratamento ten capacidade para abastecer unha poboación total de 11.782 habitantes.

A rede municipal de abastecemento está subministrando actualmente por datos de consumo a uns 3.700 habitantes, incluíndo o abastecemento aos Concellos de Vedra, Vila de Cruces e Santiago de Compostela. Polo tanto ten un excedente na súa capacidade de produción do 68%.

A poboación total do municipio de Boqueixón á data 31/12/2017 é de 4.242 habitantes, con tendencia descendente (tomando como dato de cálculo 5000 habitantes), polo que se nalgún



momento a poboación total do Concello demanda o abastecemento municipal, o excedente de capacidade de produción estaría en torno ao 58%.

Si se ten que abastecer a unha poboación de 3285 habitantes derivado do convenio de colaboración co Concello de Vedra, a estación de tratamento de auga potable tería un excedente do 30% da súa produción

Total de habitantes a abastecer/ total habitante capacidade da planta= 8.285/11.782 = 70%.

De acordo a estes datos a Estación de Tratamento de Auga Potable de Orto, ten capacidade suficiente para abastecer a nova demanda da poboación tratando auga a un 70% da súa capacidade.

TERCEIRO.- A lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, no artigo 3 .K) establece que as administracións públicas deberán respectar na súa actuación e relacións, os principios de cooperación, colaboración e coordinación, e o artigo 47.2 a) que, as administracións públicas poderán asinar convenios inter administrativos que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Tal como se indica no art. 49 h. 1º) a duración máxima do convenio non será superior a catro anos.

CUARTO.- A lei 9/2017 de contratos do sector público no artigo 6.1 establece que quedan excluídos do ámbito da citada lei, os convenios celebrados entre si polas entidades locais, coa finalidade de garantir que os servizos públicos se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e sempre que as entidades non teñan vocación de mercado .

QUINTO.- Consta a memoria xustificativa acreditativa da necesidade e oportunidade así como do impacto económico e o carácter non contractual da actividade. (subministro de auga potable).

CLÁUSULAS

1º.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular o subministro de auga ao lugares do concello de Vedra nomeados a continuación, sumando unha poboación total de 3285 habitantes.

- Lugar de Castro da parroquia de San Andrés de Illobre.
- Lugares de A Igrexa e Merín da parroquia de San Cristovo de Merín.
- Lugares de Castro, Figueiredo, Ponte Ulla, Reboredo e Vista Alegre da parroquia de Santa María Magdalena de Ponte Ulla.
- Lugar de Rozadela, Neira de arriba, Angustín, Socastro, Feal e Argunte, na parroquia de San Mamede de Ribadulla.
- Lugares de Afos, Agrelo, Albela de Arriba, Eiravedra, Famelga, Galegos, Ortigueira, Sol, Torre de Abaixo , Torre de Arriba,Lagoa, Outeiro, Sete e Tomonde na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla.
- Lugares de Cornado, Gándara , Nande, Illobre, Silvaescura e Sales, na parroquia de San Fiz de Sales.
- Lugares de Laraño, Matelo , Torre e San Xian na parroquia de San Xulian de Sales.
- Lugares de Gatente , Xian , Bazar, Trobe e Vilarpiñeiro na parroquia de San Andrés de Trobe.



A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Rosal Rivas', written over the stamp of the Concello de Boqueixón.

- Lugares de Avenida do Mestre Manuel Gómez, Fufín, Marzán de Abaixo, Marzán de Arriba, Pousada de Abaixo, Burgo, Fontao, Manteles de Abaixo e Manteles de Arriba.
- Lugares de O Francés, Galegos, Outeiro, Vilar e Picón na parroquia de San Pedro de Vilanova.

2º.-DESENVOLVEMENTO.

A viabilidade do mencionado servicio queda fundamentada no proxecto e informes correspondentes.

3º.- DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración máxima de catro anos.

4º.-OBRIGAS DAS PARTES.

Para o bo cumprimento dos obxectivos do presente convenio as partes comprométense a:

a) aportar cada concello o persoal e infraestruturas que requira a correcta execución do convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.

b) o concello de Boqueixón non poderá suspender, pola natureza do propio servicio, o subministro. En todo caso, solo poderá fundamentar en razón de forza maior(avarías, escaseza de caudal etc) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o concello de Vedra dereito a reclamación algunha por este motivo.

c) a forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metro cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fóra do período voluntario de 60 días será razón suficiente para a interrupción do servicio.

O prezo por m3 de auga abastecido será de **0,3288 €/m3 (+ IVE)**; este prezo será válido durante todo o ano 2018 e 2019 actualizándose en función do IPC interanual a 31 de decembro. Esta fórmula poderá ser revisada con motivo das prorrogas e/ou cando o concello de Boqueixón modifique a correspondente ordenanza municipal de abastecemento de auga.

d) as facturacións realizaranse directamente pola adjudicataria do servicio de cobros . Deste xeito a adjudicatario xirará a factura correspondente ao trimestre vencido, unha vez efectuado o subministro de auga potable.

e) o caudal máximo a subministrar á rede de abastecemento será de 6 litros /segundo.

5º EXTINCIÓN

Será causa de extinción do convenio o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que se reflicten no mesmo, así como o acordo expreso de ambas partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes, facultará á outra para resolvelo.

6º XURISDICCIÓN



[Handwritten signature]

O presente convenio ten natureza administrativa. As cuestión litixiosas que poidan xurdir na interpretación das obrigas derivadas deste convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, por vía contenciosa administrativa

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme asíñase por duplicado e a un solo efecto, no lugar e data arriba citados.

Manuel Fernández Munín



Alcalde de Boqueixón

Carlos Martínez Carrillo



Alcalde de Vedra